

SUBVENCIONS PARA A INNOVACION, DIXITALIZACION E A IMPLANTACION DE NOVAS FÓRMULAS DE COMERCIALIZACION E EXPANSION DO SECTOR COMERCIAL E ARTESANAL.

1. TÍTULO DO PROGRAMA/ AXUDA

SUBVENCIONS PARA A INNOVACION, DIXITALIZACION E IMPLANTACION DE NOVAS FÓRMULAS DE COMERCIALIZACION E EXPANSION DO SECTOR COMERCIAL E ARTESANAL, E SE PROCEDE A SÚA CONVOCATORIA PARA O 2019 (CÓDIGO CO300A)

2. FINALIDADE / OBXECTIVO

ESTAS AXUDAS TEÑEN POR OBXECTIVO A CONCESION DE SUBVENCIONS PARA A INNOVACION, DIXITALIZACION E A IMPLANTACION DE NOVAS FÓRMULAS DE COMERCIALIZACION E EXPANSION DO SECTOR COMERCIAL E ARTESANAL

3. TIPOS DE APOIO

SUBVENCIONS A FONDO PERDIDO EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA SUXEITAS AO RÉXIME DE MINÍMIS (non exceder 200.000 euros de subvención en tres anos consecutivos)

4. BENEFICIARIOS POTENCIAIS

PERSOAS FÍSICAS OU XURÍDICAS, COMUNIDADES DE BENS OU CALQUERA OUTRO TIPO DE UNIDADE ECONÓMICA OU PATRIMONIO SEPARADO SEN PERSONALIDADE XURÍDICA, LEGALMENTE CONSTITUÍDAS, QUE CUMPRAN OS SEGUINTES REQUISITOS:

COMERCIANTES RETALLISTAS:

- QUE DESENVOLVAN A SÚA ACTIVIDADE COMERCIAL, E TEÑAN O DOMICILIO SOCIAL EN GALICIA
- QUE TENDO A CONDICION DE PEME, EMPREGUEN MENOS DE DEZ TRABALLADORES E NON TEÑAN A CONSIDERACION DE GRAN ESTABLECEMENTO COMERCIAL. NO CASO DE ACTUACIONES DE EXPANSION COMERCIAL: QUE EMPREGUEN A MENOS DE 50 TRABALLADORES E NON TEÑAN A CONSIDERACION DE GRAN ESTABLECEMENTO COMERCIAL.
- QUE ESTÉN DADOS DE ALTA NALGUNHA DAS EPÍGRAFES DO IAE QUE SE RELACIONAN NOS **ANEXO II (COMERCIO MINORISTA EN XERAL)** E NO **ANEXO III (INDUSTRIA PRODUTOS ALIMENTICIOS, CONFEITARÍA, TÉXTIL, COIRO, CALZADO E VESTIDO)** E QUE ESTA CONSTITÚA A ACTIVIDADE PRINCIPAL DO SOLICITANTE. NO CASO DE QUE A ACTIVIDADE PRINCIPAL SEXA UNHA DAS DO ANEXO III (INDUSTRIA), DEBERÁ ESTAR DADO DE ALTA NALGUNHA ACTIVIDADE COMERCIAL RELACIONADA NO ANEXO II.
- QUE DESENVOLVAN A SÚA ACTIVIDADE COMERCIAL NUN ESTABLECEMENTO COMERCIAL CUNHA SUPERFICIE DE EXPOSICION E VENTA AO PÚBLICO IGUAL OU INFERIOR A 300 METROS CADRADOS, AGÁS QUE A ACTIVIDADE COMERCIAL SE ENCADRE NO EPÍGRAFE 653.1 DO IAE (artigos para o equipamento do fogar e a construcion)
- NO CASO DE ACTUACIONES DE EXPANSION COMERCIAL, DEBERÁN LEVAR EXERCENDO A ACTIVIDADE COMERCIAL DE FORMA ININTERROMPIDA NOS

ÚLTIMOS DOUS ANOS, CONTADOS A PARTIR DA DATA DE FIN DO PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

TITULARES DE OBRADOIROS ARTESANAIS:

INSCRITOS NO REXISTRO XERAL DE ARTESANÍA DE GALICIA. En caso de novos obradoiros, terán o prazo ata o último día de prazo para a presentación de solicitudes para solicitar a inscrición en dito rexistro.

NON PODERÁN SOLICITAR AS EMPRESAS EN CRISE

5. SECTORES INCENTIVABLES

SECTOR COMERCIO RETALLISTA DO ANEXO II; INDUSTRIA DALGUN DOS EPÍGRAFES RECOLLIDOS NO ANEXO III E SEMPRE QUE A MAIORES ESTEAN TAMÉN DADOS DE ALTA NUN EPÍGRAFE COMERCIAL DO ANEXO II, E ARTESÁNS

6. REQUISITOS PRINCIPAIS DO PROXECTO

AS ACTUACIÓNS SUBVENCIONABLES TEÑEN QUE SER REALIZADAS E EFECTIVAMENTE PAGADAS DENDE O 1 DE XANEIRO DO 2019 ATA A DATA LÍMITE DE XUSTIFICACIÓN O 30 DE OUTUBRO DE 2019

7. CUALIFICACIÓN REQUIRIDA DO PROXECTO

PARA AS **ACTUACIÓNS DE REFORMA INTEGRAL DOS ESTABLECEMENTOS, DE EXPANSIÓN E DE “CONCEPT STORES”**, DEBERÁ PRESENTARSE UN PROXECTO TÉCNICO DE DECORACIÓN E INTERIORISMO ASINADO POR UN PROFESIONAL DA DECORACIÓN, INTERIORISMO OU ARQUITECTURA

8. INVERSIÓNS E/OU GASTOS COMPUTABLES

PARA COMERCIANTES RETALLISTAS E TITULARES DE OBRADOIROS ARTESANAIS:

A) IMPLANTACIÓN E ACTUALIZACIÓN DE PÁXINAS WEB COMERCIAIS COAS SEGUINTE CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS:

Ter o protocolo de transferencia de datos https; estar optimizada para SEO; ter acceso a internet a través dun hosting con acceso do propietario da web ao código e claves da web; estar adaptada a todos os dispositivos móbiles; dispor de fotos de calidade profesional cun peso máximo de 400k e resolución de 72dpp; dispor de páxina de privacidade de acordo coa lexislación vixente, ligazóns ás redes sociais da empresa; ter instalado e configurado Google Analytics.

No caso de web con acceso á tenda en liña, ademais dos requisitos previstos anteriormente para a páxina web deberá: *estar sincronizada co sistema de xestión do establecemento comercial; ter dispoñible para a venda en liña un mínimo do 30% das referencias de que se dispoñen na tenda física; ter pasarela de pagamento*

B) INTRODUCCIÓN DE FERRAMENTAS DE MÁRKETING 4.0

Instrumentos de xeolocalización ou big data centrados na conectividade e na predición de patróns de consumo, publicidade en medios dixitais, ferramentas de realidade aumentada, e ofrecer experiencias reais e interactivas ao consumidor como produtos 3D ou probadores virtuais e chatbots ou instrumentos similares que guíen o cliente no proceso de compra.

C) PULO Á MELLORA DA IMAXE DIXITAL

Contidos audiovisuais de promoción do produto

D) SERVIZOS PROFESIONAIS DE XESTIÓN DE REDES SOCIAIS-COMUNITY MANAGER

E) IMPLANTACIÓN DE FERRAMENTAS DE XESTIÓN:

Sistemas integrados para a planificación de recursos empresariais, comerciais e software axeitados ás necesidades da empresa

SÓ PARA COMERCIANTES RETALLISTAS:

F) PROXECTOS DE MODERNIZACIÓN INTEGRAL DO LOCAL COMERCIAL INCLUIDOS NUN PROXECTO DE DECORACIÓN E INTERIORISMO:

- *OBRAS DE REFORMA E ACONDICIONAMENTO INTEGRAL DA SUPERFICIE DE EXPOSICIÓN E VENDA DO LOCAL COMERCIAL*
- *ADQUISICIÓN DE MOBLAXE DESTINADO Á MELLORA DA IMAXE COMERCIAL E DE EQUIPAMENTO ESPECIALIZADO PARRA A EXPOSICIÓN DO PRODUTO QUE SEXA NECESARIO PARAR O DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE COMERCIAL E DE USO EXCLUSIVO NA SUPERFICIE DE EXPOSICIÓN E VENDA*
- *ACTUACIÓNS DE MELLORA DA FACHADA EXTERIOR DO LOCAL COMERCIAL E INSTALACIÓN DE TOLDOS, CARTEIS, LETREIROS OU SIMILARES*
- *ACTUACIÓNS CONXUNTAS DUN MÍNIMO DE TRES ESTABLECEMENTOS COMERCIAIS CONTIGUOS PARA DOTAR DE HOMOXENEIDADE ESTÉTICA A IMAXE EXTERIOR DOS COMERCIOS DUNHA MESMA RÚA COMERCIAL*
- *CUSTOS POLOS SERVIZOS PROFESIONAIS DE ELABORACIÓN E REDACCIÓN DO PROXECTO DE INTERIORISMO E DECORACIÓN*

G) PROXECTOS DE EXPANSIÓN COMERCIAL: APERTURA DUN NOVO ESTABLECEMENTO COMERCIAL, BASEADO NO DESENVOLVEMENTO DO MESMO PROXECTO COMERCIAL, NA ESPECIALIZACIÓN OU DIVERSIFICACIÓN DE PRODUTOS, NA ESPECIALIZACIÓN DE SERVIZOS AO CLIENTE OU NA ESPECIALIZACIÓN DE NOVAS TENDENCIAS EMERXENTES DE CONSUMO. O PROXECTO DEBERÁ ESTAR INCLUÍDO NUN PROXECTO DE DECORACIÓN E INTERIORISMO, E DEBERÁ INCLUIR O COMPROMISO DE CONTRATACIÓN DE PERSOAL DE POLO MENOS, UN/UNHA TRABALLADOR/A, POR UN PERÍODO MÍNIMO DUN ANO, NO PRAZO DE 6 MESES CONTADOS A PARTIR DA DATA LÍMITE DE XUSTIFICACIÓN PREVISTA (30 OUTUBRO 2019)

PARA COMERCIANTES RETALLISTAS E TITULARES DE OBRADOIROS ARTESÁNS:

PROXECTOS DE TENDAS POP UP

PROXECTOS DE TENDAS EFÉMERAS **POP UP** SERÁN OS PROXECTOS DE APERTURA POR UN PRAZO MÁXIMO DE DOUS MESES, DUN ESPAZO COMERCIAL QUE TERÁ POR OBXECTO, EXAMINAR O NOVO MERCADO, SEN QUE EN NINGÚN CASO SUPOÑA A APERTURA DUN OUTLET OU TEÑA POR OBXECTO O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DE LIQUIDACIÓN OU VENTA DE SALDOS. CUSTOS SUBVENCIONABLES:

- *ALUGAMENTO DO LOCAL, ESPAZO OU CONTEADOR DA TENDA EFÉMERA (máximo*

dúas mensualidades)

- O ACONDICIONAMENTO DA SUPERFICIE DE EXPOSICIÓN E VENDA
- A ADQUISICIÓN OU ALUGAMENTO DE MOBLAXE OU EQUIPAMENTO ESPECIALIZADO PARA A EXPOSICIÓN DO PRODUTO, QUE SEXA NECESARIO PARA O DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE COMERCIAL E DE USO EXCLUSIVO NA SUPERFICIE DE EXPOSICIÓN E VENDA
- O TRANSPORTE DE MERCADORÍA
- PUBLICIDADE E PROMOCIÓN DA TENDA EFÉMERA POP UP

PROXECTOS DE POSTA EN MARCHA DE CONCEPT STORES:

CONSIDÉRANSE **CONCEPT STORES** OS ESTABLECEMENTOS COMERCIAIS CUNHA OFERTA DIVERSIFICADA DE PRODUTOS, XERADORA DE SINERXÍAS, QUE SUPOÑA UN VALOR ENGADIDO NA OFERTA E SEXA ATRACTIVA PARA A CLIENTELA NA PROCURA DUNHA IDENTIDADE ÚNICA E DIFERENCIADORA. O PROXECTO DEBERÁ ESTAR INCLUÍDO NUN PROXECTO DE DECORACIÓN E INTERIORISMO. O CONCEPT STORE PODERÁ UNIR

UNHA OU VARIAS PERSOAS COMERCIANTES E/OU ARTESÁNS NUN ESPAZO COMERCIAL COMPARTIDO CON DIFERENTES PROPOSTAS INNOVADORAS, XA SEXAN COMERCIAIS, CULTURAI, ARTÍSTICAS, DE DESEÑO OU GASTRONÓMICAS, CREANDO UNHA EXPERIENCIA ÚNICA DE COMPRA. SERÁN SUBVENCIONABLES:

- OBRAS DE REFORMA E ACONDICIONAMENTO INTEGRAL DA SUPEFICIE DE EXPOSICIÓN E VENDA DO LOCAL COMERCIAL
- ADQUISICIÓN DE MOBLAXE DESTINADO Á MELLORA DA IMAXE COMERCIAL E ADQUISICIÓN DE EQUIPAMENTO ESPECIALIZADO PARA A EXPOSICIÓN DO PRODUTO QUE SEXA NECESARIO PARA O DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE COMERCIAL E DE USO EXCLUSIVO NA SUPERFICIE DE EXPOSICIÓN E VENDA
- CUSTOS POLOS SERVIZOS PROFESIONAIS DE ELABORACIÓN E REDACCIÓN DO PROXECTO DE INTERIORISMO E DECORACIÓN

ADQUISICIÓN DE EQUIPAMENTOS PROPIOS DA ACTIVIDADE COMERCIAL E ARTESANAL

- ADQUISICIÓN EN RÉXIME DE PROPIEDAD, DE EQUIPAMENTOS PROPIOS DA ACTIVIDADE COMERCIAL E ARTESANAL, QUE DEBERÁ SER EN TODO CASO DE PRIMEIRO USO, EN CONCRETO DE: *Maquinaria, ferramentas ou equipamento auxiliar, de fabricación externa cualificada, directamente relacionada coa actividade comercial ou artesanal e que melloren o deseño e a calidade do produto final.*

NON SE CONSIDERAN SUBVENCIONABLES:

- AS OBRAS OU ACTUACIÓNS EN CUARTOS DE BAÑO, OFICINAS, ALMACÉNS E OUTRAS DEPENDENCIAS NON AFECTAS AO USO DA ACTIVIDADE DE EXPOSICIÓN E VENDA
- OS CUSTOS ASOCIADOS Á COMPRA OU ALUGAMENTO DO INMOBLE COMERCIAL AGÁS O PREVISTO NO PUNTO 4.4 DA ORDE
- OS PERMISOS, LICENZAS OU COTAS DE COLEXIOS OFICIAIS OU CALQUERA

OUTRO TRIBUTO OU IMPOSTO

- ADQUISICIÓN DE MOBLAXE E ARTIGOS DE EXPOSICIÓN E PROBA, SUSCEPTIBLES DE VENDA POSTERIOR
- A INSTALACIÓN DE SISTEMAS DE ALARMA, SEGURIDADE OU SIMILARES
- ADQUISICIÓN DE ORDENADORES, DISPOSITIVOS MÓBILES, TELEVISORES, REPRODUTORES DE SON E IMAXE E TPV
- OS CUSTOS DE PERSOAL E DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA, ENERXÍA, TELEFÓNÍA E INTERNET
- A AQUISIÇÃO DE MAQUINARIA PROPIA DE PROCESOS INDUSTRIAIS, NO CASO DE ARTESÁNS
- A ADQUISICIÓN DE MATERIA PRIMA DA ACTIVIDADE EMPRESARIAL
- OS INVESTIMENTOS DESTINADOS A LOCAIS PARA USO DA ACTIVIDADE EMPRESARIAIS

9. CUANTÍA DAS AXUDAS

PARA COMERCIANTES RETALLISTAS E TITULARES DE OBRADOIROS ARTESANAIS:

IMPLANTACIÓN E ACTUALIZACIÓN DE PÁXINAS WEB COMERCIAIS:

- IMPLANTACIÓN PÁXINAS WEB CON VENDA EN LIÑA: INVESTIMENTO MÁXIMO **4.000 EUROS** IVE EXCLUÍDO E SUBVENCIÓN DO **80%** DO INVESTIMENTO SUBVENCIONABLE
- IMPLANTACIÓN PÁXINAS WEB: INVESTIMENTO MÁXIMO **1.000 EUROS** IVE EXCLUÍDO E SUBVENCIÓN DO **80%** DO INVESTIMENTO SUBVENCIONABLE
- ACTUALIZACIÓN DE PÁXINA WEB: INVESTIMENTO MÁXIMO **800 EUROS** IVE EXCLUÍDO, SUBVENCIÓN **80%** DO INVESTIMENTO SUBVENCIONABLE

*NON SERÁN COMPATIBLES AS ACTUACIÓNS DE IMPLANTACIÓN DE PÁXINAS WEB COAS DE MELLORA.

INTRODUCCIÓN DE FERRAMENTAS DE MÁRKETING 4.0: **6.000 EUROS** IVE EXCLUÍDO INVESTIMENTO MÁXIMO CUN LÍMITE PARA ACTUACIÓNS EN PUBLICIDADE EN MEDIOS DIXITAIS DE 2.000 EUROS IVE EXCLUÍDO, **70%** SUBVENCIÓN

PULO Á MELLORA DA IMAXE DIXITAL: INVESTIMENTO MÁXIMO **6.000 EUROS** IVE EXCLUÍDO E **70%** DE SUBVENCIÓN

SERVIZOS PROFESIONAIS DE XESTIÓN DE REDES SOCIAIS-COMUNITY MANAGER: INVESTIMENTO MÁXIMO **10.000 EUROS** IVE EXCLUÍDO E **70%** DE SUBVENCIÓN

IMPLANTACIÓN DE FERRAMENTAS DE XESTIÓN: (SOFTWARE): INVESTIMENTO MÁXIMO **3000 EUROS** IVE EXCLUÍDO, **70%** DE SUBVENCIÓN

O INVESTIMENTO MÁXIMO SUBVENCIONABLE PARA O CONXUNTO DAS ACTUACIÓNS DE DIXITALIZACIÓN É DE 29.000 EUROS

SÓ PARA COMERCIANTES RETALLISTAS:

PROXECTOS DE MODERNIZACIÓN INTEGRAL DO LOCAL COMERCIAL INCLUÍDOS NUN PROXECTO DE DECORACIÓN E INTERIORISMO: PARA O CONXUNTO DESTAS ACTUACIÓNS O INVESTIMENTO MÁXIMO SERÁ DE **30.000 EUROS** IVE EXCLUÍDO E O INVESTIMENTO MÍNIMO SERÁ DE **8.000 EUROS**.

NO CASO DE SERVIZOS PROFESIONAIS DE ELABORACIÓN E REDACCIÓN DO PROXECTO DE INTERIORISMO, O INVESTIMENTO MÁXIMO SERÁ DE **2.000 EUROS** IVE EN EXCLUÍDO. A PORCENTAXE DE SUBVENCIÓN SERÁ PARA ESTAS ACTUACIÓNS DO **50% DO INVESTIMENTO SUBVENCIONABLE**, SALVO NO CASO DE ACTUACIÓNS CONXUNTAS DUN MÍNIMO DE 3 ESTABLECEMENTOS COMERCIAIS CONTIGUOS PARA DOTAR DE HOMOXENEIDADE ESTÉTICA A IMAXE EXTERIOR DOS COMERCIOS DUNHA MESMA RÚA COMERCIAL E NO CASO DOS CUSTOS DUN PROFESIONAL QUE ELABORE O PROXECTO DE INTERIORISMO E DECORACIÓN, XA **QUE NESTES DOUS CASOS, A PORCENTAXE DE SUBVENCIÓN SERÁ DUN 70% DO INVESTIMENTO SUBVENCIONABLE**.

SÓ PARA COMERCIANTES RETALLISTAS:

PROXECTOS DE EXPANSIÓN COMERCIAL: INVESTIMENTO MÁXIMO SUBVENCIONABLE 60.000 EUROS IVE EXCLUÍDO E O INVESTIMENTO MÍNIMO 8.000 EUROS IVE EXCLUÍDO. NO CASO DOS SERVIZOS DUN PROFESIONAL PARA O PROXECTO DE DECORACIÓN E INTERIORISMO, INVESTIMENTO MÁXIMO SERÁ DE 2.000 EUROS IVE EXCLUÍDO. A PORCENTAXE DE SUBVENCIÓN SERÁ DO 50% SALVO PARA O PROXECTO DO PROFESIONAL QUE SERÁ DE 70% DO INVESTIMENTO SUBVENCIONABLE.

PARA COMERCIANTES RETALLISTAS E TITULARES DE OBRADOIROS ARTESANS

PROXECTOS DE TENDAS POP UP: PARA O CONXUNTO DE ACTUACIÓNS O INVESTIMENTO MÁXIMO SUBVENCIONABLE SERÁ DE **8.000 EUROS** IVE EXCLUÍDO, E A PORCENTAXE DE SUBVENCIÓN SERÁ DO **70%** DO INVESTIMENTO MÁXIMO SUBVENCIONABLE. A SUBVENCIÓN MÁXIMA POLO ALUGUER DO LOCAL SERÁ DE **1.500 EUROS**, PÓLO TRANSPORTE DE MERCADORÍA, SERÁ DE **500 EUROS**, E POLA PUBLICIDADE E PROMOCIÓN DE **1.000 EUROS**.

PROXECTOS DE POSTA EN MARCHA DE CONCEPT STORES: PARA O CONXUNTO DESTA ACTUACIÓNS O INVESTIMENTO MÁXIMO SUBVENCIONABLE SERÁ DE **30.000 EUROS** IVE EXCLUÍDO E O INVESTIMENTO MÍNIMO SERÁ DE **8.000 EUROS** IVE EXCLUÍDO. NO CASO DOS SERVIZOS DO PROFESIONAL QUE ELABORE O PROXECTO, SERÁ DE **2.000 EUROS** IVE EXCLUÍDO O INVESTIMENTO MÁXIMO. A PORCENTAXE DE SUBVENCIÓN SERÁ DE **70%** DO INVESTIMENTO SUBVENCIONABLE.

AQUISICIÓN DE EQUIPAMENTOS PROPIOS DA ACTIVIDADE COMERCIAL E ARTESANAL: PARA CONXUNTO DESTAS ACTUACIÓNS O INVESTIMENTO MÁXIMO SERÁ DE **10.000 EUROS** IVE EXCLUÍDO E A PORCENTAXE DE SUBVENCIÓN SERÁ DO **70%** DO INVESTIMENTO SUBVENCIONABLE

10. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES REMATA NO PRAZO DUN MES DENDE O DÍA SEGUINTE AO DA PUBLICACIÓN DESTA ORDE. Para estes efectos, entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación: **POLO TANTO O PRAZO PARA PRESENTAR AS SOLICITUDES REMATA O 26 DE MAIO DO 2019, PERO COMO RESULTA QUE É DOMINGO DÍA INHÁBIL, O PRAZO PRORRÓGASE ATA O LUNES DÍA 27 DE MAIO.**

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por vía electrónica a través do formulario normalizado de solicitude (ANEXO IV) dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal> acompañando a documentación pertinente

AS NOTIFICACIÓNS REALIZARANSE POR MEDIOS ELECTRÓNICOS

11. INCOMPATIBILIDADES

En ningún caso o importe da subvención regulada nesta Orde poderá ser de tal contía que, illada ou en concorrencia con outras axudas das distintas administracións ou calquera dos seus entes públicos e privados, nacionais ou internacionais, supere o custo total do investimento subvencionable.

AS SUBVENCIÓNS PREVISTAS NESTA ORDE SERÁN INCOMPATIBLES CON CALQUERA OUTRA DAS REGULADAS POR ESTA CONSELLERÍA E ENTES DEPENDENTES, PARA OS MESMOS CONCEPTOS SUBVENCIONABLES E O MESMO ESTABLECEMENTO COMERCIAL

12. OBSERVACIÓNS

A DOCUMENTACIÓN PARA SOLICITAR A SUBVENCIÓN SERÁ A SEGUINTE:

- SOLICITUDE MODELO NORMALIZADO (ANEXO IV)
- ACTA, ESCRITURA OU DOCUMENTO DE CONSTITUCIÓN, ESTATUTOS E, SE É O CASO, MODIFICACIÓN DELES, DEBIDAMENTE LEGALIZADOS SI É O CASO (SÓ NO CASO DE PERSOAS XURÍDICAS). Esta documentación deberá acreditar que o seu obxecto social abrangue a actividade para a cal se solicita a subvención.
- DOCUMENTO ACREDITATIVO DE PODER BASTANTE PARA ACTUAR ANTE A ADMINISTRACIÓN, DO REPRESENTANTE LEGAL DA ENTIDADE SOLICITANTE, OU PODERÁ ACHEGAR, DEBIDAMENTE CUBERTO E ASINADO, O MODELO DE REPRESENTACIÓN PARA PROCEDIMENTOS ANTE A XUNTA DE GALICIA QUE FIGURA NA SEDE ELECTRÓNICA.
- NO CASO DE AGRUPACIÓNS DE PERSOAS FÍSICAS OU XURÍDICAS, COMUNIDADES DE BENS OU CALQUERA OUTRO TIPO DE UNIDADE ECONÓMICA OU PATRIMONIO SEPARADO SEN PERSONALIDADE XURÍDICA, DEBERÁ CONSTAR EXPRESAMENTE NO ANEXO V, OS COMPROMISOS DE EXECUCIÓN QUE ASUME CADA MEMBRO DA AGRUPACIÓN E O IMPORTE DE SUBVENCIÓN QUE SE APLICARÁ POR CADA UN, QUE TERÁN IGUAL A CONSIDERACIÓN DE BENEFICIARIOS. DEBERÁN NOMEAR UN REPRESENTANTE DA AGRUPACIÓN
- SE O SOLICITANTE ESTÁ DADO DE ALTA NO IAE NUNCA ACTIVIDADE ECONÓMICA DO ANEXO II OU III, OU NOUTRAS QUE NON SEXAN SUBVENCIONABLES, TERÁ QUE XUSTIFICAR CAL DELAS É A PRINCIPAL (no caso de sociedades co modelo 290 do ano anterior; e no caso de persoas físicas, autónomos, comunidades de bens etc, coa declaración responsable do ANEXO VII)
- INFORME EMITIDO POLA SEGURIDADE SOCIAL DE VIDA LABORAL DO ÚLTIMO ANO, CON TODOS OS CÓDIGOS CONTA COTIZACIÓN DO SOLICITANTE, OU, SE É O CASO, CERTIFICACIÓN DA SEGURIDADE SOCIAL DE NON EXISTENCIA DE TRABALLADORES
- MEMORIA DETALLADA DE CADA UNHA DAS ACTUACIÓNS PARA AS CALES SE

SOLICITA SUBVENCIÓN, QUE INCLUIRÁ: Unha descrición pomenorizada, obxectivos e valoración económica das actuacións que se pretenden executar. NO CASO DE PROXECTOS DE EXPANSIÓN COMERCIAL, DEBERÁN INCLUIR NA MEMORIA ADEMÁIS DO ANTERIOR: unha xustificación da localización do establecemento comercial, do produto e do mercado ao que se dirixe, con desenvolvemento detallado de todos os aspectos nos que se basea, tamén unha referencia ao comercio que se expande NO CASO DE CONCEPTO STORE DEBERÁ INCLUIRSE NA MEMORIA UNHA XUSTIFICACIÓN DO PROXECTO QUE INCLÚA: un plan de actuación dos diferentes campos de actividade implicados no concepto xustificando a interrelación entre elas, así como o público obxectivo a que se pretende chegar. NO CASO DE AQUISICIÓN E EQUIPAMENTO E FERRAMENTAS, A MEMORIA DEBEÁ CONTER: a xustificación da necesidade así como da mellora que represente a súa adquisición.

- FACTURAS PRO FORMA COS GASTOS PREVISTOS PARA A REALIZACIÓN DE CADA UNHA DAS ACTIVIDADES OU ADQUISICIÓN PARA AS CALES SE SOLICITA SUBVENCIÓN. Estarán exentas de presentación das facturas proforma as solicitudes do ticket de xestión de redes sociais.

- NO CASO DE SOLICITUDES PARA ACTUACIÓNS DE REFORMAS, MOBILIARIO, EQUIPAMENTO, FACHADAS, ETC:

1. PROXECTO DE DECORACIÓN E INTERIORISMO ASINADO POR UN PROFESIONAL DA DECORACIÓN, INTERIORISMO OU ARQUITECTURA. Neste proxecto deberán incluírse as distintas actuacións para as cales se solicita subvención, que deberán coincidir coa memoria presentada, e o deseño gráfico do resultado final que se pretende obter.

2. FOTOGRAFÍAS OU DOCUMENTOS GRÁFICOS DO LOCAL, ANTES DE INICIAR AS ACTUACIÓNS, AGÁS NO CASO EN QUE SE REALIZASEN AS ACTUACIÓNS CON ANTERIORIDADE Á DATA DE PUBLICACIÓN DESTA ORDE.

- SI A PERSOA SOLICITANTE ESTÁ DADA DE ALTA NO IAE EN MÁIS DUNHA ACTIVIDADE ECONÓMICA E ALGUNHA DELAS NON É SUBVENCIONABLE SEGUNDO O ANEXO II, DEBERÁ XUSTIFICAR CAL DELAS É A PRINCIPAL. No caso de sociedades, presentarán a declaración anual o IVE –modelo 390- do ano anterior e, no caso de comunidades de bens ou sociedades civís, documento acreditativo oficial da actividade principal. As persoas físicas e as sociedades que non dispoñan da declaración do IRPF do ano anterior ou do IVE por teren iniciado a actividade recentemente, substituirán estes documentos pola declaración prevista no número 10 da solicitude – ANEXO IV-

- FACTURAS OU FACTURAS PROFORMA OU ORZAMENTO DETALLADO DE GASTOS PREVISTOS PARA A REALIZACIÓN DE CADA UNHA DAS ACTIVIDADES OU ADQUISICIÓN PARA AS CALES SE SOLICITA SUBVENCIÓN.

- PARA O CASO DOS EFECTOS DE APLICAR OS CRITERIOS DE VALORACIÓN DO ARTIGO 10 DA ORDEN, ACHEGARASE SE É O CASO A SEGUINTE DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA QUE EN NINGÚN CASO SERÁ OXECTO DE REQUIRIMENTO:

Declaración responsable sobre o cumprimento do criterio de contratación de traballadores con empresa de inserción social nos últimos 3 anos; declaración responsable sobre o cumprimento do criterio de contratación de persoas con discapacidade; declaración responsable sobre o cumprimento de aplicación de medidas de responsabilidade social;

NON SERÁ NECESARIO PRESENTAR OS DOCUMENTOS QUE XA FORON PRESENTADOS ANTERIORMENTE. NESTE CASO DEBERÁ INDICARSE EN QUE MOMENTO E ANTE QUE ÓRGANO ADMINISTRATIVO SE PRESENTARON OS MESMOS.

O PRAZO DE XUSTIFICACIÓN SERÁ O 30 DE OUTUBRO DO 2019, E PRESENTARASE A DOCUMENTACIÓN DO ARTIGO 18 DA ORDE DE REFERENCIA.

OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS:

- CUMPRIR O OBXECTIVO, EXECUTAR O PROXECTO, REALIZAR A ACTIVIDADE
- XUSTIFICAR O CUMPRIMENTO DE REQUISITOS E CONDICIÓNS DA ORDE
- SOMETERSE AS ACTUACIÓNS DE CONTROL
- COMUNICAR A OBTENCIÓN DOUTRAS AXUDAS ESPECIFICANDO AS AXUDAS SOMETIDAS AO RÉXIME DE MÍNIMIS
- ACREDITAR ESTA AO DÍA NAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E ANTE A SEGURIDADE SOCIAL
- MANTER OS INVESTIMENTOS SUBVENCIONADOS 2 ANOS
- DISPOÑER DOS LIBROS CONTABLES AUDITADOS SEGUNDO A LEI
- CONSERVAR OS DOCUMENTOS XUSTIFICATIVOS DE APLICACIÓN DE FONDOS
- EMPREGAR ADHESIVOS OU DISTINTIVOS SIMILARES COA LENDA **“PROXECTO COFINANCIADO” ACOMPAÑADA DO ESCUDO NORMALIZADO DA XUNTA DE GALICIA SEGUNDO O MODELO E INSTRUCCIÓN ELABORADAS POLA DIRECCIÓN XERAL DE COMERCIO E CONSUMO PUBLICADO NA PÁXINA WEB <http://www.portaldocomerciante.gal/>.**

13. REFERENCIA LEGISLATIVA

ORDE DO 11 DE ABRIL DO 2019 (DOG 26 ABRIL DO 2019)

14. INFORMACIÓN E TRAMITACIÓN EN

DIRECCIÓN XERAL DE COMERCIO E CONSUMO. CÓDIGO DO PROCEDIMENTO CO300C. INFORMACIÓN: NA WEB <https://sede.xunta.gal> ; <http://ceei.xunta.gal/portada>; NOS TELÉFONOS: 981545557; 981 54 59 15, NO ENDEREZO: cei.dxc.axudas@xunta.gal